

7.O réxime feudal e a sociedade estamental

O réxime feudal en España ten unhas características propias derivadas dun contexto político de reconquista fronte ao islam e de repoboación das terras abandonadas polos musulmáns. Por estas razóns, os lazos de vasalaxe son menores e as oportunidades de gozar de foros son maiores. Con todo o mundo medieval, caracterizado pola fragmentación política e a inseguridade, deu estas formas de relación persoal nas que un individuo actúa ante outro nun plano de subordinación e sometemento voluntario a cambio de protección. O acto de vasalaxe implicaba un xuramento de fidelidade por parte do vasalo cara o señor e este o compensaba con terras (beneficium). Esa estrutura xerárquica estendíase por todo o edificio social: os campesiños eran vasalos do abade dun mosteiro, dun bispo ou dun nobre, pero a súa vez estes poderían selo doutro señor de maior rango. No cumio estaba o rei que era un *primus inter pares* polo que a súa dependencia cara a nobreza era moi grande. De aí as frecuentes guerras entre partidarios dun rei ou dun aspirante ao trono. Non había un exército real polo que o monarca dependía das mesnadas nobiliarias para emprender un conflito ou par defender unhas fronteiras. Este tipo de monarquía denomínase **Monarquía feudal**. No caso peninsular a mentalidade de fronteira deulle un poder extraordinario a duques e condes encargados da misión de gardar as fronteiras do reino. Aí está o caso dos condes de Castela que acabarán conformando un reino propio ou o caso do conde de Portugal. A relación de vasalaxe foi máis intensa na coroa de Aragón que na de Castela. Os condes aragoneses e cataláns estaban localizados na Marca Hispánica carolinxia polo que rendían vasalaxe ao rei francés, se ben, co tempo acabaron por independizarse desta tutela.

Con relacións persoais de vasalaxe a sociedade estaba estruturada en estamentos ou grupos sociais pechados aos que se pertencía por nacemento. Así as cousas a mobilidade social era escasa e cada grupo social asume un papel. Na base estaban os *laboratores*, campesiños na súa meirande parte, pero tamén artesáns e comerciantes, sen privilexios e que vivían en relación de dependencia dun señor. Na parte alta estaban os *oratores*, o clero que gozaba dos privilexios da súa función espiritual, e os *belatores*, a nobreza. Os estamentos privilexiados cobraban impostos e taxas nos seus respectivos feudos, exercían de xuíces e estaban exentos do pago de impostos. Este tipo de señoríos denominábanse **señoríos xurisdicionais**. A súa tarefa principal era a de dotar de protección aos seus vasalos. Estes eran os numerosos campesiños que vivían nos mansos. Os servos cultivaban a **reserva señorial**, mentres que os campesiños libres recibían do señor os **mansos** e tiñan que pagarlle a este unha renda en especie polo dereito de uso desas terras. Debían pagar tamén polo uso dos muíños, as pontes, uso dos bosques... os denominados monopolios do señor así como realizar traballos gratuítos para o señor (corveas) cando fora preciso. Ao clero debían pagar o **décimo** para o sostemento do culto. Había campesiños libres, máis numerosos que noutras partes de Europa pola oportunidade que abría a repoboación sobre as terras conquistadas aos musulmáns, pero ata o século XIV existiron servos. Deste entramado só escapaba a poboación urbana, os **burgueses** que foron aumentando en número a partir da recuperación das cidades a partir do s. XII.

Os grupos marxinais eran os xudeus e os mudéxares.